

A materia de Oratoria puxo en marcha hai sete anos este proxecto de recolleita de lendas, co obxectivo fundamental de que o noso alumnado escoiten as tradicións da boca dos máis vellos, que eles sexan quen lles conten **as nosas crenzas e lendas populares vivas na contorna para argallar coa recolleita destas testemuñas un traballo colectivo** no que se visualice a situación de cada unha das lendas no concello para configurar finalmente un traballo colaborativo que poidamos divulgar e devolverllo deste xeito aos nosos veciños, desta volta vertebrado.

Todos coñecemos a lenda da Coca, a da Peneda, a da Santa Compañía... pero hai outras menos coñecidas como a lenda da bañeira da moura, a lenda da fonte de Saxamonde, a serea de Soutoxuste... pois ben o proxecto consiste en recoller mediante unha enquisa os datos de cada unha delas que os veciños nos acheguen e elaborar unha gravación da entrevista con ese testemuño se o informante dá o seu consentimento.

A posta en común de tódolos datos recollidos e as súas variantes permitirá a elaboración dese traballo conxunto que será publicado na páxina Web do instituto. Este labor divulgarase tamén posteriormente na próxima radio do centro contribuindo ao coñecemento e difusión da nosa cultura máis próxima.

Esta é a enquisa empregada polo noso alumnado:

## ENQUISA PARA O PROXECTO: UNHA REDONDELA DE LENDA

### DATOS DO ALUMNO:

Nome e apelidos:

curso:      grupo:

### DATOS DO INFORMANTE:

Nome e apelidos:

Sexo:      idade:      dirección:

Data da recollida da lenda:

Lugar onde foi gravada:

Narración detallada da lenda que se recolle: